

# MISIÓN CONTRACOVID-19

CEIP NOSA SEÑORA DA PIEDADE  
VILA DE CRUCES



LISCA  
DE  
AQUÍ!!



XA TE ME ESTÁS  
MARCHANDO POR  
ONDE VIÑECHES!!



Ilustración de: Luis Davila @OBichero



# OBXECTIVO DO PROXECTO

**Derrotar o  
CORONAVIRUS facendo  
actividade física.**



A actividade física é fundamental para manternos sans, tanto a nivel físico como mental. Malia que estamos na casa confinados, temos moitísimas maneiras de facer exercicio físico, xa sexa mediante as actividades que vos imos propoñendo desde o cole ou outras novas que a vós se vos ocorran ou vexades pola rede.

# QUE TEMOS QUE FACER?

**Actividade física, cadaquén na súa casa.  
Cada participante, co seu exercicio sumará  
puntos para derrotar ao virus.**

**Cada punto**, será como **unha vacina** que nos librarán da enfermidade. Imos salvar primeiro a todas as persoas de Vila de Cruces, que neste momento somos sobre 5250.

Necesitamos moitos puntos. Precisamos, por tanto, mobilizarnos todos!!

5250



# QUEN PODE PARTICIPAR NESTE RETO?


Todas as persoas que teñan relación co **CEIP Nosa Señora da Piedade** (alumnado, familiares, profes...) ou simplemente vivan no concello e nos queiran axudar.



**TODOS PODEMOS CONTRIBUÍR A GAÑARLLE AO COVID-19!!**

# COMO SE CONSEGUEN OS PUNTOS?

Amosando, nun vídeo, como fas actividade física na CASA. Isto é moi importante, os vídeos só deben ser gravados dentro da vivenda ou terrazas dos domicilios e, de ser o caso, coas persoas que convivimos.



Podemos saír facendo calquera tipo de exercicio ou movemento: correndo, saltando, bailando, facendo xogos, circuítos... Todo o que implique movemento é válido na nosa loita contra o COVID 19!!

# COMO DEBE SER O VÍDEO?

- Non debe exceder dunha duración de **25 segundos**.

- Debe aparecer, cando menos, unha persoa relacionada co centro facendo actividade física.

- Podemos saír **vestidos como nos apeteza**.

- A actividade física debe ser realizada dentro da casa ou en dependencias exteriores pertencentes a ela, como terrazas, balcóns ou azoteas.

- Os membros do equipo de valoración das vacinas para vencer ao virus, puntuaremos os vídeos do seguinte xeito:



# Puntuarase segundo

Os participantes

0 material  
empregado

Sair só

Sair dúas persoas

Saír en familia:  
máis de 3  
persoas

Se consigues que  
algún veciño/a  
saia tamén dende  
a súa vivenda

Sen material

Con material:  
balóns, cordas,  
aros, xoguetes,  
disfraces, picas...

5 puntos

15 puntos

20 puntos + 10  
puntos por cada  
persoa a maiores  
das 3

40 puntos

5 puntos

15 puntos

# PODO SAÍR OU IR GRAVAR O VIDEO CON UN AMIGO/A?



**PENALIZARASE CON 100 PUNTOS NO MARCADOR XERAL**



# QUEN ENVIARÁ OS VIDEOS?

O envío dos vídeos, para que sexan considerados no proxecto, debe ser **enviado polos pais/nais/titores legais** dos alumnos/as do CEIP Nosa Sra. da Piedade.



# QUE FAREMOS COS VIDEOS RECIBIDOS?

O emprego dos mesmos, só terá o **fin de elaborar un gran vídeo coas gravacións** que nos vaiades enviando as familias e conseguir *vacinas de actividade física* para toda a poboación da vila. Cando rematemos este reto, o vídeo será subido unicamente á páxina do colexio, sen outro fin máis que o de compartir experiencias educativas. O emprego do mesmo noutros blogs ou redes sociais non será responsabilidade do CEIP Nosa Sra. da Piedade.

# ONDE HAI QUE ENVIAR OS VÍDEOS?

Á dirección [jorge.ceipnosasenoradapiedade@gmail.com](mailto:jorge.ceipnosasenoradapiedade@gmail.com) , onde o equipo de TICS do colexio se encargará de valorar o material que nos envies e elaborar o vídeo final.



## CANTOS VÍDEOS SE PODEN ENVIAR?

Un vídeo de cada modalidade das que se puntúan.



## CANDO VEREMOS O VÍDEO FINAL?



Cando consigamos o número de **vídeos suficientes para conseguir as vacinas** para todos as persoas da vila, así que animádevos todos a participar!!



**XUNTOS CONSEGUIREMOS VENCER,  
ÁNIMO!!**